



PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE DATA 31 DE XANEIRO DO 2017, POLA QUE SE MODIFICA A DATA DE REALIZACIÓN DA PROBA TEÓRICA PARA A PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE XERENTE DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

Mediante Resolución da Presidencia do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento de Presidencia de data 19 de decembro do 2016 procedeuse á aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos e ao nomeamento do Tribunal cualificador do proceso selectivo para a provisión do posto de Xerente do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento. Na mesma Resolución citábase aos membros do Tribunal cualificador e e aos/ás aspirantes admitidos/as co seguinte tenor literal:

(...)

4. *Citar aos membros do Tribunal para que comparezan no Salón Verde da Deputación Provincial de Lugo o martes, día 14 de febreiro de 2017, ás 10 horas ao obxecto de proceder a súa constitución e a valoración dos méritos e do proxecto directivo (1ª fase do proceso de selección)*

5. *Citar aos membros do Tribunal e aos/ás aspirantes admitidos/as para que comparezan no Salón Verde da Deputación Provincial de Lugo o martes, día 14 de febreiro de 2017, as 12:00 horas ao obxecto de proceder á realización da proba teórica, tipo test. (2ª fase do proceso de selección)*

(...)

Manifestada a imposibilidade de atender a esta convocatoria por parte de algúns dos membros titular e suplente do Tribunal cualificador nomeado para este proceso de selección, e aos efectos de garantir o quórum de asistencia do mesmo, a Presidencia do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, ditou, con data 31 de xaneiro do 2017 a seguinte resolución:

1. *Deixar sen efecto a citación realizada mediante Resolución da Presidencia do Consorcio de data 19 decembro do 2016, ao Tribunal cualificador e aos/ás aspirantes admitidos/as no proceso selectivo para a provisión do posto de Xerente do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento*
2. *Realizar unha nova citación aos membros do Tribunal para que comparezan no Salón Verde da Deputación Provincial de Lugo o mércores, día 15 de febreiro de 2017, ás 10 horas ao obxecto de proceder a súa constitución e a valoración dos méritos e do proxecto directivo (1ª fase do proceso de selección)*

3. *Realizar unha nova citación aos membros do Tribunal e aos/ás aspirantes admitidos/as para que comparezan no Salón Verde da Deputación Provincial de Lugo o mércores, día 15 de febreiro, as 12:00 horas ao obxecto de proceder á realización da proba teórica, tipo test. (2ª fase do proceso de selección)*
4. *Notificar o contido da presente resolución aos membros do Tribunal e ordenar á súa publicación na páxina Web do Consorcio Provincial e da Excm. Deputación Provincial de Lugo*

En Lugo, a 31 de xaneiro do 2017

O SECRETARIO INTERVENTOR

José Antonio Mourelle Cillero